

## **ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 31 DE MARZO DO 2008.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día trinta e ún de marzo de dous mil oito; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Don Francisco Xabier Carreira Sebio, e Dona Manuela Iglesias Collarte.

Está presente o Secretario-Interventor accidental do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 24 de Marzo do dous mil oito (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

#### **LICENZAS OBRAS MAIORES.-**

“Vistas a peticións de licencias de obras que a continuación se expoñen e vistos os informes obrantes no expediente (técnico e xurídico), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión das licencias de obras que se indican con arranxo ás seguintes:

#### **1.- Condicións xerais:**

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito

que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

#### **EXPTE. Nº: 09/03/2004/1247-AC/994**

**A O.C.A. OBRAS CONSTRUCCIONES Y ASFALTOS S.A.,** con domicilio a efectos de notificación na Autovía A-52, P.k. 249, Apartado de Correos 1057, Ourense, para levar a cabo as obras de execución de Area de Servicio nun inmovible sito na Autovía Rías Baixas, A-52, P.k. 249, marxen dereito, que se realizará segundo o proxecto, modificados e anexos redactado polo Enxeñeiro Don Manuel Cameáns Rodríguez e o arquitecto Don Jorge González Herrero, con visado de data 12-12-2003.

#### **2.- Condicións particulares:**

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** Execución de area de servicio.

**Contía na que se orzan as obras:** 601.012,10 euros.

**Situación e emprazamento das obras:** Autovía Rías Baixas, A-52, P.k. 249, marxen dereito.

**Redactor do proxecto e dirección execución material das obras:** D. Manuel Cameáns Rodríguez, Don Jorge González Herrero e Don Juan José Ventoso Pacheco.

**Nome ou razón social do promotor:** O.C.A. Obras, Construcións e Asfaltos S.A..

**Prazos:** O prazo de inicio das obras é dun (1) mes e o prazo de remate dun (1) ano, a contar dende o día seguinte o da notificación da presente licencia de obras.

**Liquidación do ICIO:** A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Tendo en conta que con data 02.06.04, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do imposto de construcións, instalacións e obras a contía de 7.234,69 euros e visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 601.012,10 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, instalacións e obras, por importe de 8.391,62 euros.

**Outras condicións:** A obra realizarase segundo o proxecto, modificados e anexos redactado polo Enxeñeiro Don Manuel Cameáns Rodríguez e o arquitecto Don Jorge González Herrero, con visado de data 12-12-2003. Consta Autorización autonómica previa (Dirección Xeral de Urbanismo), expte. 21/2003, de 5 de marzo de 2004. Deberá habilitar un acceso alternativo ou de seguridade, para unha pronta intervención dos servizos de auxilio ou orde público.

Na zona de aparcamiento de vehículos respecto a la A-52 dado o seu desnivel deberase habilitar un sistema de protección ou ben xustificar a súa innecesariedade mediante documento de organismo oficial especializado.

### 3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIUDADÁNS.

#### CONCESIÓN DA LICENZA PROVISIONAL

“Visto o expediente instruído a instancia de **O.C.A. OBRAS CONSTRUCCIONES E ASFALTOS S.A.**, con domicilio a efectos de notificación na Autovia A-52, P.k. 249, Apartado de Correos 1057, Ourense), no que solicita a regulamentaria licenza municipal para actividade de Area de Servicio nun inmovible sito na Autovia Rias Baixas, A-52, P.k. 249, marxen dereito, deste término municipal..

**RESULTANDO:** Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos, o informe da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e o da Corporación Municipal.

**RESULTANDO:** Que elevado á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental), este Organismo, con data 16 de febreiro de 2005, ratificado con data 11.12.07, informa a actividade como MOLESTA, INSALUBRE, NOCIVA E PERIGOSA e dende o punto de vista mediambiental condicionase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos: A) a obtención das autorizacións sectoriais: a) industriais; b) urbanísticas; c) captación de augas; d) verquidos orixinados pola actividade industrial. B Informe favorable do técnico municipal. C) a tramitación da notificación de pequenos produtores de Residuos Perigosos (Decreto 298/2000, D.O.G. nº 4, do 05-01.01, artigos 14 e anexos IX e XIV); D) a que de acordo coas Leis 10/1998, de 21 de abril, de Residuos (B.O.E. nº 96 de 22-04-98), Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia (D.O.G. nº 168 do 02-09-97), Real Decreto 833/1988, de 20 de xullo, polo que se aproba o regulamento para a execución da lei 20/1986, de 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos; Orden M.A.M./304/2002, de 8 de febreiro pola que se publica as operacións de valoración e eliminación de residuos e a lista europea de residuos (B.O.E. nº 43, de data 19-02-02) e 298/2000 (D.O.G. nº 4 do 05.01.01), se xestionen adecuadamente os residuos perigosos e os residuos urbanos tendo en conta a recollida selectiva de lixo. Dito informe refírese as instalacións da marxe dereita da Autovia. De realizarse actuacións na marxen esquerda, será preciso facer unha nova autorización.

Consta proxecto de instalación mecánica e eléctrica da Estación de Servizo redactado polo enxeñeiro Técnico Industrial D. Jesús Martín Nogales, con visado de data 07.08.03; consta informe da Consellería de Industria de data 01.06.04; informe do Ministerio de Fomento, contrato de concesión de data 2 de abril de 2001, autorización de apertura provisional e parcial da Area de Servicio; autorización da Confederación Hidrográfica do Norte de data 12.12.05, expte.A/32/10058; consta informe da empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento Aqualia de data 31.03.04; consta escrito da Unidade de Estradas sobre regulación de acceso a área de Servicio (22.02.07); Certificado Fin de Obra dla Instalación Mecánica da Estación de Servicio, con visado de 4 de mayo de 2004; Certificado de Dirección de Obra. Acometida de Media Tensión en Estación de Servicio., con visado de 20 de mayo de 2004. (411/2004); Certificado de Dirección de Obra Instalación de C.T. en Estación de Servicio de Ribadavia con visado de 20 de maio de 2004.

(409/2004); Contrato de prestación de Servicios Medioambientales a suministros y áreas de Servicio PLOC, S.A. (Xestor de servicios autorizado); Certificado de administrador da sua situación administrativa como Xestor. (R.. de G. De Galicia nº T/1012/02); Certificado de Dirección e Terminación de Obra de Instalación de GLP, almacenamento y /o instalación receptora, con visado de 26 de abril de 2004; Certificado de Inspección de Instalaciones Petrolíferas con visado, 5 de diciembre de 2006. (2006/4889).

**RESULTANDO:** Que o lugar de emprazamento non é desconforme co planeamento urbanístico axustado á zona, constando autorización previa da Dirección Xeral de Urbanismo de data 5 de marzo de 2004, expte 21/2003.

**CONSIDERANDO:** Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

**CONSIDERANDO:** Que é da competencia da Xunta de Goberno Local, en virtude de delegación da Alcaldía a concesión da licenza solicitada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, **ACORDA A CONCESIÓN PROVISIONAL DA LICENZA** que se solicita, debendo cumprir as observacións e medidas correctoras que constan no proxecto presentado e sinaladas pola Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, debendo solicitar licenza definitiva de apertura e funcionamento, aportando as autorizacións sectoriais pertinentes, para o que será indispensable que se levante Acta de comprobación que o interesado deberá solicitar a este Concello, indicando o día e hora, a cal deberá ser favorable, acompañando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións que nel se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenza ou ben as modificacións introducidas co obxecto da súa legalización en planos a escalas iguais as do proxecto orixinal, debendo de ingresarse previamente nas arcas municipais a cantidade á que ascenden as taxas regulamentarias, segundo liquidación que practicará a Intervención Municipal, para o cál presentar a Alta no Imposto de Actividades Económicas.

Deberá habilitar un acceso alternativo ou de seguridade, para unha pronta intervención dos servizos de auxilio ou orde público.

As actividades que se desenrolen na área de servizo o marxen da licenza concedida deberán solicitar a correspondente licenza de actividade presentando a documentación correspondente para a súa tramitación ante os organismos pertinentes”.

### **LICENZA DE OCUPACIÓN.**

“Visto o escrito, de data 16.06.06, presentado por **don Daniel Martí Pellón**, con domicilio na rúa San Pedro Alcantara nº 5, Portal 3, 4º C, Pontevedra, no que solicita licenza de ocupación da vivenda sita na Quinza nº 55 e 56.

Visto os informes técnicos obrantes no expediente (Informe de data 18.03.08), o certificado final da Dirección da obra con visado de data 09.01.08 e demais documentación técnica obrante no expediente.

Vistos os informes técnicos obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión da Licenza de Primeira ocupación a don Daniel Martí Pellón para a edificación sita na Quinza nº 55 e 56, deste término municipal.

#### **DEVOLUCION DE AVAL.-**

Visto o escrito da empresa **Industrial del Deza S.L**, empresa adxudicataria da obra denominada “Acondicionamento da Alameda de Ribadavia”, con domicilio na rúa Pastor Diaz nº 1, 2º, Pontevedra, no que solicita a devolución da fianza definitiva da devandita obra, por importe de 32.608,24 euros, a Xunta de Goberno Local, vista a documentación obrante no expediente e transcurrido o prazo de garantía establecido, por unanimidade, acorda acceder o solicitado.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

- “Da Dirección Xeral de Urbanismo, Resolución de data 11 de marzo de 2008 concedendo unha axuda ao Concello para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal (56.337,20 euros)”.

- “Do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-administrativo, notificando Sentencia de data 18-03.08, relativa o recurso de apelación 15012/2008, interposot por Gestima S.L.”.

#### **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

##### **REINTEGRO PROGRAMA EQUAL AVIA CREA FUTURO.-**

Tendo en conta as cantidades aboadas polo Ministerio de Traballo relativa a xustificación económica presentada do Programa Equal “Avia Crea Futuro”, a Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda reembolsar as seguintes cantidades os Concellos e entidades participantes:

Concello de Boboras: 30.458,86 euros.

Concello de Leiro. 31.353,54 euros.

Asociación de Empresarios do Ribeiro: 5.378,57 euros.

Asociación Mullers Rurais O Salgueiral: 7.987,50 euros.

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO